

Recurso nº 26/2018**Resolución nº 20/2018****RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 7 de xuño de 2018.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por M.B.R., actuando en nome e representación de CONTALOCAL, S.L. contra a adxudicación, polo Concello de Bueu, dun contrato de servizo de mantemento informático nese Concello, código 2780/2017, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adelante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Polo Concello de Bueu convocouse a licitación do contrato de servizo de mantemento informático nese Concello, cun valor estimado declarado de 70.008,93 euros. Tal licitación foi obxecto de publicación no BOP de Pontevedra do 02.03.2018 así como no seu perfil de contratante. Tamén obra na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Segundo.- Segundo o expediente da licitación, a mesma estivo sometida ao Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Terceiro.- Este recurso foi presentado electrónicamente no Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (TACRC, en adelante) o día 28.05.2018, que o remitiu a este TACGal ao día seguinte. Solicitada emenda por este Tribunal, foi debidamente cumprimentada polo recorrente.

Significar que, mediante Resolución de 1 de marzo de 2018 do Presidente do TACGal, se deu publicidade ao acordo do Tribunal sobre a data de comezo do exercicio das súas funcións, atribuídas pola Lei 14/2013 desde o día 2 de abril de 2018, tal día incluído (DOG nº 45, 5-3-2018). En todo caso, vistos os antecedentes, e con base no principio pro actione, dáse por presentado en prazo o presente recurso, ao abeiro do artigo 51.3 LCSP, como xa se expuso tamén na Resolución TACGal 2/2018.

Cuarto.- Con data 29.05.2018 reclamouse ao Concello de Bueu o expediente e o informe ao que se refire o artigo 56.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en diante, LCSP). A documentación foi recibida neste Tribunal o día 04.06.2018.

Sexto.- A suspensión cautelar produciuse automaticamente coa impugnación da adxudicación da citada contratación, artigo 53 LCSP. Non foi necesario adoptar decisión sobre se procedía o seu mantemento porque xa se pasou a resolver o recurso en si mesmo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Ao abeiro do artigo 35 bis. 5 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- En virtude do disposto na Disposición Transitoria Primeira.4 LCSP o presente recurso tramitouse conforme os artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual, aprobado polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro.

Terceiro.- A recorrente posúe lexitimación para interpoñer o recurso porque participou como licitadora na contratación.

Cuarto.- Dadas as datas descritas, o recurso foi interposto en prazo.

Quinto.- A recorrente centra o seu recurso na extemporánea presentación da oferta da empresa adxudicataria.

Sexto.- O informe do órgano de contratación considera que non se acada o referido limiar mínimo para este recurso e conclúe solicitando que se declare a inadmisión do aquí presentado.

Sétimo.- Polo tanto, o primeiro a analizar é se nos atopamos ante un acto susceptible de recurso especial, tendo en conta que o acto impugnado foi adoptado con posterioridade á entrada en vigor da LCSP.

A licitación tramitouse conforme ao TRLCSP e ten un valor estimado de 70.008,93 euros, como se recolle nos diferentes anuncios da licitación, polo que segundo o previsto no citado texto legal no artigo 44.1 a) LCSP, non cabe este recurso especial ao non alcanzar o limiar susceptible de recurso.

A estes efectos, segundo a Disposición Transitoria Primeira.4 da vixente LCSP:

Nos expedientes de contratación iniciados antes da entrada en vigor desta lei poderase interpor o recurso previsto no artigo 44 contra actos susceptibles de impugnación nesta vía, sempre que se ditasen con posterioridade á súa entrada en vigor.

Esta Disposición, polo tanto, e de xeito concreto a súa expresión referente aos actos susceptibles de impugnación, remítenos literalmente ao apartado 1 do art. 44 LCSP, que establece que serán susceptibles de recurso especial os actos e decisións enumerados no apartado segundo, cando se refiran aos seguintes contratos que relaciona e que, polo que aquí afecta, son os contratos de servizos dun valor estimado superior aos 100.000 euros.

No expediente de contratación consta que o contrato de servizos obxecto de impugnación non cumpre esa esixencia de limiar económico e por iso é un acto non susceptible de impugnación, polo que procede declarar a inadmisión do recurso.

Oitavo.- O artigo 55 LCSP establece que o órgano encargado de resolver o recurso, tras a reclamación e exame do expediente administrativo, poderá declarar a súa inadmisión cando constare de modo inequívoco e manifesto calquera dos supostos no precepto citados, entre os cales, na letra c) recóllese o de *“Haberse interposto o recurso contra actos non susceptibles de impugnación de conformidade*

co disposto no artigo 44". Como xa quedou dito, a contratación impugnada non supera o limiar mínimo de cen mil euros que esixe a LCSP.

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Inadmitir** o recurso interposto por CONTALOCAL, S.L. contra a adxudicación, polo Concello de Bueu, dun contrato de servizo de mantemento informático nese concello, código 2780/2017.

2. Dar por levantada a suspensión do procedemento licitador, producida por efecto do artigo 53 LCSP.

3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo del Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.